

MATERIA
Clínica Médica Veterinaria II

TITULACIÓN
Grao en Veterinaria

unidade
didáctica
2

Sistema cardiovascular

Germán Santamarina Pernas
Inmaculada Orjales Galdo

Ciencias Clínicas Veterinarias
Departamento de Ciencias Clínicas Veterinarias
Facultade de Veterinaria de Lugo

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

© Universidade de Santiago de Compostela, 2014



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/deed.gl>

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-16183-54-8

MATERIA: Clínica Médica Veterinaria II
TITULACIÓN: Grao en Veterinaria
PROGRAMA XERAL DO CURSO
Localización da presente unidade didáctica

Unidade 1. Aparato respiratorio:

Afeccións das vías respiratorias altas (cavidade nasal e larinxe).
Afeccións das vías respiratorias baixas (traquea e bronquios).
Afeccións do parénquima pulmonar. Afeccións da cavidade pleural

Unidade 2. Sistema cardiovascular

Estudo clínico da insuficiencia cardíaca
Afeccións do endocardio: Endocardiose valvular. Endocardite infecciosa
Afeccións do miocardio: Cardiomiopatía dilatada. Cardiomiopatía hipertrófica. Cardiomiopatía restritiva.
Afeccións do pericardio: Derrame pericárdico. Pericardite en ruminantes
Enfermidades cardíacas conxénitas: Malformacións valvulares. Malformacións cardiovasculares que causan derivación sanguínea
Estudo clínico das arritmias cardíacas: Bradiarritmias, taquiarritmias supraventriculares e arritmias ventriculares

Unidade 3. Aparato dixestivo monogástricos e glándulas anexas

Afeccións orofarínxeas.
Afeccións do esófago. Afeccións do estómago. Afeccións do intestino.
Afeccións hepatobiliares.
Afeccións do páncreas exócrino.

Unidade 4. Aparato dixestivo grandes animais:

Alteracións reticuloruminais motoras e da parede. Alteracións reticuloruminais fermentativas. Afeccións do abomaso. Patoloxía dixestiva en lactantes. Estudo clínico da síndrome cólica en équidos.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

1. Situación da unidade docente no grao
2. Xustificación

OS OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS: SISTEMA CARDIOVASCULAR

1. Estudo clínico da insuficiencia cardíaca
 - 1.1 Funcións do sistema cardiovascular
 - 1.2 Mecanismos compensatorios do sistema cardiovascular
 - 1.2.1 Mecanismo de frank-starling
 - 1.2.4 Hipertrofia cardíaca
 - 1.2.3 Activación neurohormonal
 - 1.3 Definicións de enfermidade cardíaca e insuficiencia cardíaca
 - 1.4 Manifestacións clínicas da insuficiencia cardíaca
 - 1.4.1. I.C.C. esquerda
 - 1.4.2. I.C.C. Dereita
 - 1.4.3. I.C.C. Xeneralizada
2. Afeccións do endocardio: Endocardiose valvular. Endocardite infecciosa
 - 2.1 Dexeneración valvular crónica ou endocardiose valvular
 - 2.1.1 Etioloxía
 - 2.1.2 Fisiopatoloxía
 - 2.1.3 Síntomas clínicos
 - 2.1.4 Exame físico
 - 2.1.5 Probas diagnósticas
 - 2.1.6 Tratamento
 - 2.2 Endocardite infecciosa
 - 2.2.1 Etioloxía
 - 2.2.2 Fisiopatoloxía
 - 2.2.3 Síntomas clínicos
 - 2.2.4 Exame físico
 - 2.2.5 Probas diagnósticas
 - 2.2.6 Criterios de Duke modificados para o diagnóstico de endocardite en cans
 - 2.2.7 Tratamento

3. Afeccións do miocardio: Cardiomiopatía dilatada. Cardiomiopatía hipertrófica. Cardiomiopatía restritiva.
 - 3.1 Cardiomiopatía dilatada canina
 - 3.1.1 Etioloxía
 - 3.1.2 Fisiopatoloxía
 - 3.1.3 Signos clínicos
 - 3.1.4 Exame físico
 - 3.1.5 Probas diagnósticas
 - 3.1.6 Tratamento
 - 3.2 Cardiomiopatía hipertrófica felina
 - 3.2.1 Etioloxía
 - 3.2.2 Fisiopatoloxía
 - 3.2.3 Sintomatoloxía
 - 3.2.4 Exploración física
 - 3.2.5 Probas diagnósticas
 - 3.2.6 Diagnóstico diferencial
 - 3.3 Cardiomiopatía restrictiva felina
 - 3.3.1 Etiopatoxenia
 - 3.3.2 Síntomas
 - 3.3.3 Diagnóstico
 - 3.3.4 Tratamento
 - 3.4 Cardiomiopatía dilatada felina
4. Afeccións do pericardio: Derrame pericárdico. Pericardite en ruminantes
 - 4.1 Derrame pericárdico
 - 4.1.1 Etioloxía
 - 4.1.2 Fisiopatoloxía
 - 4.1.3 Signos clínicos
 - 4.1.4 Exploración física
 - 4.1.5 Probas diagnósticas
 - 4.1.6 Tratamento
 - 4.2 Pericardites en ruminantes (reticuloparicardite traumática)
 - 4.2.1 Etioloxía
 - 4.2.2 Consecuencias fisiopatolóxicas
 - 4.2.3 Síntomas
 - 4.2.4 Exame físico
 - 4.2.5 Diagnóstico
 - 4.2.6 Tratamento
5. Enfermidades cardíacas conxénitas: Malformacións valvulares. Malformacións cardiovasculares que causan derivación sanguínea
 - 5.1 Malformacións valvulares: Estenose (sub)aórtica
 - 5.1.1 Etioloxía e fisiopatoloxía

- 5.1.2 Síntomas clínicos
- 5.1.3 Exame físico
- 5.1.4 Probas diagnósticas
- 5.1.5 Tratamento
- 5.1.6 Prognóstico
- 5.2 Malformacións valvulares: Estenose pulmonar
 - 5.2.1 Etioloxía
 - 5.2.2 Fisiopatoloxía
 - 5.2.3 Síntomas clínicos
 - 5.2.4 Exame físico
 - 5.2.5 Probas diagnósticas
 - 5.2.6 Tratamento
 - 5.2.7 Prognóstico
- 5.3 Malformacións cardiovasculares que causan derivación sanguínea: conducto arterioso persistente (CAP)
 - 5.3.1 Etioloxía e fisiopatoloxía
 - 5.3.2 Signos clínicos
 - 5.3.3 Exploración física
 - 5.3.4 Diagnóstico
 - 5.3.5 Tratamento
- 6. Estudo clínico das arritmias cardíacas: Bradiarritmias, taquiarritmias supraventriculares e arritmias ventriculares
 - 6.1 Bradiarritmias
 - 6.1.1 Bradicardia sinusal
 - 6.1.2 Bloqueos atrioventriculares
 - 6.2 Taquiarritmias supraventriculares
 - 6.2.1 Fibrilación atrial
 - 6.2.2 Taquicardia supraventricular reentrante
 - 6.3 Arritmias ventriculares
 - 6.3.1 Arritmias ventriculares hemodinamicamente inestables.
 - 6.3.2 Arritmias ventriculares caninas asociadas a un risco alto de morte súbita

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

1. Situación da unidade docente no grao

Esta unidade didáctica denominada “Sistema Cardiovascular” forma parte da materia “Clínica Médica Veterinaria II” que se imparte con carácter obrigatorio no 9º semestre do Grao en Veterinaria, cunha carga docente de 6 créditos ECTS.

A Clínica Médica Veterinaria II encádrase dentro do plan de estudos do Grao en Veterinaria no Bloque de Ciencias Clínicas Veterinarias no que se agrupan, entre outras, todas as disciplinas adicadas ao estudo clínico do individuo enfermo e das colectividades, e os tratamentos médicos, cirúrxicos ou hixiénico-dietéticos. Este bloque pertence a un Módulo Docente superior de Ciencias Clínicas e Sanidade Animal.

En particular a materia Clínica Médica Veterinaria II comprende o estudo clínico, dende o punto de vista da medicina interna, das enfermidades que afectan aos sistemas respiratorio, cardiovascular e dixestivo dos animais domésticos. O estudo destes tres aparellos desenvólvese a través de 4 unidades docentes que os aborda de xeito independente, toda vez que o sistema dixestivo subdivídese en dúas unidades docentes orientadas as patoloxías dixestivas dos pequenos animais (cans e gatos) e dos grandes animais (ruminantes e equinos) respectivamente.

Estes coñecementos complementan os adquiridos previamente na materia do 8º semestre denominada “Clínica Médica Veterinaria I” na que se estudan as enfermidades que afectan ao resto dos aparellos nos animais domésticos.

Ambas materias sitúanse ó final do Bloque formativo das Ciencias Clínicas, e nelas sintetízanse e recupéranse os coñecementos adquiridos previamente. Por iso é esencial ter cursadas as materias de anatomía, fisioloxía, fisiopatoloxía, propedéutica clínica, nutrición, farmacoloxía e terapéutica e diagnóstico por imaxe, para a mellor comprensión e aprendizaxe dos novos conceptos a impartir. Por outra banda, tamén será moi útil ter coñecementos de inglés e informática que facilitarán o acceso e organización da información.

2. Xustificación

A titulación de veterinaria é unha profesión regulada, o que implica que está suxeita a unhas determinadas disposicións legais que definen as cualificacións e competencias mínimas que se deben acadar para o exercicio de dita profesión. Entre as numerosas competencias profesionais específicas dun veterinario atópase a Medicina Veterinaria, que contempla o diagnóstico, prognóstico, tratamento, e prevención das enfermidades que afectan aos animais.

Neste contexto, as materias “Clínica Médica Veterinaria I e II” son chaves para a adquisición das “competencias clínicas”, imprescindibles para o exercicio da profesión veterinaria, polo que forman parte das materias obrigatorias do Plan de estudos do Grao en Veterinaria. Máis concretamente, esta unidade didáctica ocúpase do estudo clínico das patoloxías que afectan ao sistema cardiovascular, para o que se empregarán 15 horas (8 horas teóricas, 6 horas prácticas e 1 hora seminario).

OS OBXECTIVOS

Esta unidade didáctica contempla o aprendizaxe dende o punto de vista clínico das enfermidades cardiovasculares dos animais domésticos. Polo tanto ó rematar a unidade didáctica, o alumno será capaz de:

- Coñecer os mecanismos que causan e modulan a insuficiencia cardíaca, e recoñecer os signos clínicos que a caracterizan.
- Coñecer as principais enfermidades cardiovasculares nas diferentes especies, distinguindo a etioloxía, comprendendo a patoxenia e identificando as lesión e síntomas característicos de cada unha delas.
- Aplicar o método do Diagnóstico orientado por problemas no proceso de identificación das enfermidades cardiovasculares nos pacientes.
- Instaurar o tratamento axeitado e as medidas de profilaxe en cada caso, seguindo os criterios de medicina/clínica baseada na evidencia.
- Concretar o prognóstico da enfermidade e formular un seguimento do paciente.
- Desenvolver a actividade clínica de maneira científica e ética.
- Coñecer e usar de forma crítica as fontes bibliográficas.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os contidos desta unidade didáctica serán desenvolvidos en quince horas docentes: oito de docencia teórica, seis de prácticas clínicas e unha hora de seminarios.

A **parte teórica** impartirase en 8 sesións expositivas de 50 minutos de duración cada unha contando cos medios audiovisuais presentes nas aulas. Os contidos teóricos, entendidos como os apuntes da materia, estarán a disposición dos alumnos na plataforma da aula virtual con anterioridade á data das sesións expositivas. As clases desenvolveranse mediante a presentación de casos clínicos que sirvan de fío condutor para a explicación dos contidos teóricos. Promoverase a participación dos alumnos para a resolución dos casos mediante preguntas orientadas, polo que se recomenda a os alumnos a lectura previa dos contidos teóricos como parte das súas horas de traballo persoal e a asistencia a clase cos apuntes. Á finalización de cada tema proporanse actividades curtas (ver actividades propostas) para axudar a afianzar os conceptos recorrendo ás fontes bibliográficas, como parte do traballo persoal.

As **sesións prácticas** realizaranse en grupos de 7 alumnos durante unha semana en horario de mañá no servizo de Medicina Interna do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, incluíndo unha xornada de garda hospitalaria, para completar 28 horas de prácticas que contempla a materia. Os alumnos participan activamente na atención das consultas baixo a supervisión do profesor que os orientará hacia a resolución dos casos seguindo os principios do diagnóstico orientado por problemas. Ao longo da semana de prácticas o alumno deberá empregar unhas 6 horas na aproximación aos problemas cardiovasculares, polo que terá que completar a exploración deste sistema en todos os casos nos que se

implique, con independencia do motivo de consulta, e desenvolver polo menos un caso completo relacionado coa cardioloxía. Cada día antes de iniciar as consultas os alumnos participarán nunha rolda clínica nas que se traballarán aspectos chave para a resolución dos casos clínicos. Unha destas roldas clínicas estará dedicada ao sistema cardiovascular.

Por outra banda, os alumnos deben asistir a un **seminario** dunha hora de duración (en grupos de trinta persoas) no que se traballará sobre aspectos clínicos das enfermidades cardiovasculares non tratados nas sesións teóricas así como os últimos avances sobre estas patoloxías.

Finalmente, os profesores da materia estarán dispoñibles nas horas de **titoría** para calquera dúbida sobre o contido da unidade didáctica.

OS CONTIDOS BÁSICOS: SISTEMA CARDIOVASCULAR

1. Estudo clínico da insuficiencia cardíaca

1.1 Funcións do sistema cardiovascular

O sistema cardiovascular realiza tres funcións básicas:

- Manter a presión arterial sistémica normal.
- Manter un fluxo sanguíneo tisular adecuado.
- Manter as presións capilares sistémicas e pulmonares normais en rangos aceptables.

Para manter estas tres funcións dentro dos límites normais está presente un elaborado sistema de mecanismos de control: mecanismos compensatorios.

1.2 Mecanismos compensatorios do sistema cardiovascular

Cando unha enfermidade cardíaca altera a función do sistema cardiovascular interveñen unha serie de mecanismos de compensación que intentan manter a funcionalidade cardiovascular en niveis adecuados.

Os mecanismos de compensación son fundamentalmente tres: Mecanismo de Frank-Starling, Hipertrofia cardíaca e Activación neurohormonal

1.2.1 Mecanismo de Frank-Starling

O miocardio é capaz de incrementar a súa forza de contracción de forma inmediata como resposta a unha maior distensión (estiramento) dos sarcómeros, que se produce cando aumenta de forma súbita (aguda) o volume de enchido ventricular.

Permite responder de forma rápida para incrementar o gasto cardíaco simplemente aumentando o volume de enchido cardíaco.

1.2.4 Hipertrofia cardíaca

É un mecanismo de compensación crónico (a longo prazo). Pódense producir dous tipos de hipertrofia: concéntrica e excéntrica.

A hipertrofia concéntrica desenvólvese para vencer unha sobrecarga crónica de presión, é dicir para vencer unha resistencia á saída do sangue (ej. estenose de aorta, hipertensión sistémica)

A hipertrofia excéntrica (ou dilatación) ocorre en resposta a unha sobrecarga crónica de volume, é dicir para adaptar a función cardíaca a un incremento sostido do volume de enchido (ex. regurxitación mitral, fallo miocárdico).

1.2.3 Activación neurohormonal

A estimulación neurohormonal implica a tres sistemas:

- Activación do sistema nervioso adrenérxico.
- Activación do sistema renina-anxiotensina-aldosterona.
- Incremento da produción de ADH.

Todos estes sistemas actúan en resposta a unha caída do gasto cardíaco. Os seus principais efectos son:

- Aumentar a frecuencia e contractibilidade cardíaca para mellorar o gasto cardíaco.
- Incrementar a resistencia vascular para atenuar a caída da presión arterial.
- Aumentar a retención de sodio e auga para incrementar o volume de enchido cardíaco o cal permite tamén aumentar o gasto cardíaco primeiro de forma aguda grazas ao mecanismo de Frank-Starling e a longo prazo (de forma crónica) ao producirse unha hipertrofia excéntrica.

1.3 Definicións de enfermidade cardíaca e insuficiencia cardíaca

Enfermidade cardíaca é calquera anormalidade ou alteración do corazón (ex. regurxitación valvular, cardiomiopatía dilatada; estenose de aorta...)

Insuficiencia cardíaca ou fallo cardíaco é a síndrome clínica que se produce cando unha enfermidade cardíaca provoca unha disfunción o suficientemente severa como para desbordar os mecanismos compensatorios do sistema cardiovascular e non é capaz de manter algunha ou varias das súas funcións básicas.

Sempre que haxa unha insuficiencia cardíaca estará presente unha enfermidade cardíaca, con todo pode estar presente unha enfermidade cardíaca e non conducir nunca a unha insuficiencia cardíaca.

1.4 Manifestacións clínicas da insuficiencia cardíaca

A insuficiencia cardíaca prodúcese cando malia os mecanismos compensatorios o sistema cardiovascular non é capaz de manter algunha ou varias dos seus tres funcións básicas:

- Non manter a presión arterial sistémica normal: hipotensión sistémica.
- Non manter un fluxo sanguíneo tisular adecuado: hipoperfusión tisular.
- Non manter as presións capilares sistémicas e pulmonares normais: conxestión e edema.

A insuficiencia cardíaca pode desenvolverse de forma aguda ou crónica.

O fallo cardíaco agudo está causado por enfermidades cardíacas que provocan unha perda aguda da contractilidade ou de eficacia mecánica. É o menos frecuente nos animais e nel van prevalecer os signos clínicos de baixo gasto cardíaco: hipotensión e hipoperfusión.

- Palidez de membranas, extremidades frías, tempo de enchido capilar aumentado, debilidade muscular, hipotermia.
- Síncope e eventualmente shock cardioxénico e morte.

O fallo ou insuficiencia cardíaca crónica é a forma máis habitual de evolución das enfermidades cardíacas nos animais e as súas manifestacións clínicas adoitan desenvolver un curso insidioso e lento.

Os signos clínicos comezarán a aparecer a medida que se desborden os mecanismos compensatorios, provocándose inicialmente un incremento da presión nas veasveas e capilares, o que dá lugar a signos de conxestión e edema. Por iso é polo que á insuficiencia cardíaca crónica denomínese con frecuencia insuficiencia cardíaca conxestiva.

Cando o fallo cardíaco crónico está moi avanzado poden chegar a aparecer tamén signos de mala perfusión ao diminuír o gasto cardíaco.

A insuficiencia cardíaca crónica pódese clasificar en:

1.4.1. I.C.C. esquerda

Signos clínicos da Insuficiencia Cardíaca Conxestiva Esquerda: destacan fundamentalmente os signos respiratorios: taquipnea, disnea, ortopnea, e tose, case sempre relacionados coa conxestión e edema pulmonar.

Non obstante a presenza de tose cardíaca xeralmente está causada por un agrandamiento severo do corazón (fundamentalmente o atrio esquerdo) que comprime os bronquios principais e a traquea e non é tanto como consecuencia da conxestión ou edema pulmonar

Cando o I.C.C. é moi severa ou está moi avanzada poden manifestarse ademais signos cínicos de baixo gasto cardíaco, relacionados coa hipoperfusión: fatiga, debilidade, perda de masa muscular.

1.4.2. I.C.C. Dereita

Signos clínicos da Insuficiencia Cardíaca Conxestiva Dereita: os síntomas do I.C.C. dereita derivan da elevación da presión venosa sistémica. A manifestación inicial será a ingurxitación xeneralizada das veas, especialmente evidente na xugular.

En cans con maior frecuencia provoca a aparición de ascite, que se acompaña ademais de conxestión das vísceras abdominais destacando a hepatomegalia con ingurxitación das súas veas.

O edema nas extremidades e parede corporal en cans é relativamente raro, pode aparecer en estadios finais de enfermidades severas.

- En gatos é máis común que se desenvolva un derrame pleural.
- En grandes animais faise especialmente patente a aparición de edema periférico en zonas declives: abdomen, papada, esternón, extremidades.

1.4.3. I.C.C. Xeneralizada

Signos clínicos da Insuficiencia Cardíaca Conxestiva Xeneralizada: fanse evidentes signos clínicos de ICC Esquerda e ICC Dereita e en liñas xerais o animal presentará:

- Debilidade, intolerancia ao exercicio, disnea.
- Mala perfusión periférica: palidez de membranas, aumento do tempo de enchido capilar, lixeira cianosis, extremidades frías, perda de masa muscular
- Ascite, derrame pleural, edemas periféricos....

2. Afeccións do endocardio: Endocardiose valvular. Endocardite infecciosa

2.1 Dexeneración valvular crónica ou endocardiose valvular

A endocardiose é unha enfermidade dexenerativa idiopática das válvulas atrioventriculares (mitral e tricúspide) caracterizada por un engrosamiento nodular dos bordos das mesmas que provoca a súa insuficiencia.

É a enfermidade cardíaca adquirida máis frecuente nos cans.

Afecta sobre todo a cans razas pequenas e en idades avanzadas. Obsérvase máis en machos que en femias.

2.1.1 Etioloxía

A etioloxía exacta da endocardiose valvular permanece descoñecida. As lesións nodulares que afectan ás válvulas relaciónanse cunha alteración dexenerativa ou defectiva do colágeno valvular ou das glucosaminas da matriz extracelular das válvulas ou ambas alteracións.

Estas nodulacións causan a retracción, engrosamiento e enrollamento das follas valvulares podendo afectar tamén ás cordas tendinosas.

As válvulas afectadas son as atrioventriculares, fundamentalmente a válvula mitral aínda que ás veces tamén se ve afectada a tricúspide.

2.1.2 Fisiopatoloxía

As lesións valvulares da dexeneración valvular crónica impiden a pechadura correcta das follas valvulares durante a sístole, provocando unha insuficiencia valvular.

A válvula máis afectada adoita ser a mitral producíndose unha regurgitación de sangue desde o ventrículo esquerdo cara ao atrio esquerdo que causa a diminución do gasto cardíaco e dificulta o retorno desde os pulmóns. A activación dos mecanismos compensatorios que se acompañan dunha hipertrofia excéntrica (dilatación) do corazón esquerdo (atrio e ventrículo) permite manter a funcionalidad cardíaca. Cando os mecanismos compensatorios vense superados desenvólvese unha insuficiencia cardíaca conxestiva esquerda (conxestión e edema pulmonar).

Non obstante moitos casos de endocardiose poden permanecer compensados e asintomáticos por anos malia estar desenvolvendo a enfermidade.

En xeral a evolución é lenta e progresiva pero pode agravarse de forma aguda se de súpeto prodúcese a rotura dunha corda tendinosa principal que pode estar afectada.

Outras complicacións máis ou menos frecuentes son a aparición de arritmias pola dilatación cardíaca, o desenvolvemento de hipertensión pulmonar ou a rotura do atrio esquerdo.

Nalgúns casos o corazón e en particular o atrio esquerdo pode aumentar tanto de tamaño que chega a comprimir a traquea e bronquios principais provocando tose seca persistente, ata antes de desenvolverse a insuficiencia cardíaca.

A dexeneración da válvula tricúspide é menos frecuente, pero ás veces coexiste coa insuficiencia mitral. Nestes pacientes poderán aparecer ademais signos de insuficiencia cardíaca conxestiva dereita (ascite, derrame pleural...).

2.1.3 Síntomas clínicos

Nos estádios iniciais pode non haber signos clínicos evidentes, que irán aparecendo a medida que a enfermidade vaia evolucionando.

Os síntomas clínicos máis comúns son:

Tose, fatiga e intolerancia ao exercicio, disnea e taquipnea.

2.1.4 Exame físico

Destaca a auscultación dun sopro sistólico no ápex cardíaco esquerdo por regurgitación da válvula mitral.

Se hai conxestión e edema pulmonar pódense auscultar aumento dos sons pulmonares e ruidos de crepitação.

2.1.5 Probas diagnósticas

2.1.5.1 *Electrocardiograma*

Poden aparecer cambios no ECG relacionados co agrandamiento do ventrículo esquerdo: aumento da amplitude e duración do complexo QRS.

Tamén poden observarse modificacións relacionadas co agrandamiento atrial esquerdo (onda P mitral): aumento de duración da onda P, ás veces escotadura na parte superior da mesma.

En casos avanzados pódense rexistrar arritmias, sobre todo escapes supraventriculares, taquicardia supraventricular ou fibrilación atrial. Menos frecuentes son as arritmias ventriculares.

2.1.5.2 *Radioloxía torácica*

O cambio máis prematuro e máis consistente coa enfermidade é o agrandamiento do atrio esquerdo. Pode ademais observarse cardiomegalia xeneralizada.

A nivel pulmonar pódese apreciar agrandamiento das veas pulmonares e no seu caso edema pulmonar cardioxénico que se adoita localizar (polo menos inicialmente) na rexión perihiliar.

2.1.5.3 *Ecocardiografía*

Co modo bidimensional e o modo M pódense percibir:

- Engrosamiento e aumento da ecoxenicidade da válvula mitral, especialmente da valva anterior ou septal.
- Dilatación do atrio esquerdo e con frecuencia tamén do ventrículo esquerdo

Co doppler cor e espectral pódese visualizar e cuantificar o fluxo da regurgitación mitral.

2.1.6 Tratamento

A instauración do tratamento ha de ser progresiva, e ha de iniciarse cando aparezan os primeiros signos clínicos.

O tratamento baséase na administración de Inhibidores do enzima convertidor de anxiotensina (benaceprilo, enalapril, ramipril) e cando hai signos de conxestión e edema pulmonar Diuréticos. O diurético de primeira elección cando hai un edema pulmonar é a furosemida.

Na actualidade recoméndase ademais a administración de Pimobendan xunto co protocolo anterior.

A medida que evoluciona a enfermidade se persisten os signos conxestivos pódese administrar ademais un segundo diurético de diferente acción

(espironolactona ou hidroclorotiazida) e un vasodilatador máis potente como o amlodipino ou a hidralazina.

2.1.6.1 Tratamento recomendado en función do estadio clínico

ACVIM Consensus Statement (Consenso del Colegio Americano de Medicina Interna Veterinaria)

Guidelines for the Diagnosis and Treatment of Canine Chronic Valvular Heart Disease

C. Atkins, J. Bonagura, S. Ettinger, P. Fox, S. Gordon, J. Haggstrom, R. Hamlin, B. Keene (Chair), V. Luis-Fuentes, and R. Stepien. *J Vet Intern Med* 2009;23:1142-1150

Estadio A	Estadio B	Estadio C	Estadio D
AUSENCIA ENFERMEDADE	ENFERMEDADE CARDIACA DOCUMENTADA	SIGNOS CLÍNICOS IC PASADOS/ACTUALES	IC REFRACTARIA
Animales predispostos (risco) Cans razas pequenas, xeriatricos	B1 Asintomáticos sin cardiomegalia	C1 No signos IC IC estabilizada	Sin resposta terapia médica máxima/óptima Métodos auxiliares necesarios
	B2 Asintomáticos +Cardiomegalia + Regurxitación Significativa	C2 IC leve a moderada	
		C3 IC severa, requiere terapia urxencia	

Estadio A: Sen tratamento

Estadio B1: Sen tratamento

Estadio B2: Sen tratamento (a maioría recomenda administrar un IECA)

Estadio C: Furosemida, IECA e Pimobendan (a maioría recomenda engadir ademais Espironolactona)

- Furosemida: dose mínima eficaz (ex. 2 mg/kg/24h), incrementando segundo necesidade
- IECA: administrar cada 12 horas (0,5 mg/kg/12h)
- Pimobendan: dose estándar (0,25-3 mg/kg/12h)
- Espironolactona: dose estándar (2 mg/kg/24h)

Estadio D: Furosemida, IECA, Pimobendan, Espironolactona e outros (hidroclorotiazida, amlodipino?)

- Furosemida (incrementar doses segundo necesidade ata 5 mg/kg/8h),
- Engadir novos fármacos segundo necesidade: vasodilatadores, antitusíxenos, broncodilatadores...

O manexo da insuficiencia cardíaca aguda (edema pulmonar) inclúe a administración de furosemida intravenosa, oxigenoterapia, pimobendan oral, sedación, e outras medidas de apoio.

2.2 Endocardite infecciosa

É a invasión do endotelio cardíaco por axentes infecciosos, xeralmente bacterias, que afecta fundamentalmente ao tecido valvular.

Trátase dunha alteración relativamente pouco frecuente en comparación con outras enfermidades cardíacas.

2.2.1 Etioloxía

Os axentes patóxenos máis frecuentemente implicados son Estafilococos, Streptococos, E. Coli, Erysipelotrix e Pseudomonas. Recientemente illouse tamén con frecuencia Bartonella.

En vacuno tamén se illaron frecuentemente Arcanobacterium piogenes (antiguamente chamado: Actinomices piogenes ou Corynebacterium piogenes).

Para que se produza a colonización das válvulas cardíacas debe producirse unha bacteremia, e a orixe do foco infeccioso que dá lugar á bacteriemia pode ser moi diverso:

- En pequenos animais destacan infeccións cutáneas, do tracto urinario, da próstata, infeccións pulmonares ou discospondilitis.
- En grandes animais son causas frecuentes de bacteremias os abscesos podales, ou infeccións do aparello dixestivo como abscesos reticulares, ruminitis.

2.2.2 Fisiopatoloxía

En cans e gatos as válvulas máis frecuentemente son a mitral e a aórtica. En vacuno a máis afectada adoita ser a tricúspide e en cabalos a aórtica.

A colonización bacteriana provoca a formación de vexetacións que son agregados de plaquetas células inflamatorias, fibrina e colonias bacterianas.

As válvulas afectadas se deforman ao agrandarse as vexetacións provocando unha insuficiencia valvular. En casos severos pode tamén provocar estenose da válvula.

Poden aparecer embolias sépticas cando parte das vexetacións rómpense o que dá lugar a episodios de bacteremias persistentes e febres recorrentes e producen focos de infección e inflamación en distintas partes do organismo:

- Os émbolos que se orixinan a partir da mitral ou da aórtica saen á circulación sistémica e poden aloxarse en diferentes lugares do corpo incluíndo miocardio, cerebro, extremidades, riñones, bazo, intestino e arteria ilíaca.
- Os émbolos que se orixinan na tricúspide afectan polo xeral ao pulmón.

2.2.3 Síntomas clínicos

2.2.3.1 Cans

En xeral os animais afectados adoitan manifestar síntomas de enfermidade sistémica mostrando signos de depresión e debilidade con anorexia e perda de peso. Pode presentar signos de insuficiencia cardíaca esquerda.

Os émbolos sépticos sistémicos poden aloxarse en varias rexións do corpo e poden dar lugar a multitude de signos clínicos: arritmias, fallo renal, signos nerviosos...

Un signo clínico moi frecuente son as coxeiras que se producen por:

- Artrite séptica secundaria a bacteriemias ou embolización.
- Artrite aséptica por depósito de inmunocomplejos secundarios a unha antigenemia bacteriana.
- Isquemias nas extremidades.

Son tamén moi comúns as discoespondilites concomitantes.

2.2.3.2 Ruminantes

Como en bóvidos afecta fundamentalmente á válvula tricúspide son comúns os signos clínicos de insuficiencia cardíaca conxestiva dereita xunto con signos inespecíficos de infección (moi similar á reticulopericardite traumática): febre, depresión, debilidade con anorexia e perda de peso, edema periférico, distensión das veas xugulares e pulso xugular.

2.2.4 Exame físico

O paciente adoita presentar febre ou sufrir un episodio recente de febre.

É frecuente a auscultación dun sopro cardíaco de recente aparición.

2.2.5 Probas diagnósticas

2.2.5.1 Laboratorio

Xeralmente revelan a presenza de procesos inflamatorios que afectan a varios órganos e os resultados poden ser moi variables e inespecíficos (leucocitose, hiperglobulinemia...)

Cando se sospeita de endocardite está indicado realizar un cultivo sanguíneo bacteriano. Dous ou máis cultivos sanguíneos positivos unidos á presenza dun sopro cardíaco de recente aparición suxiren con moita seguridade unha endocardite infecciosa.

2.2.5.2 ECG e Radiografía

O electrocardiograma e a radiografía torácica poden ser normais ou presentar alteracións pouco manifestadas e inespecíficas.

Cando está afectado o miocardio (miocardite) con frecuencia aparecen extrasístoles ventriculares.

2.2.5.3 Ecocardiografía

Permite ver as vexetacións se son de entidade suficiente.

O doppler axuda a identificar as posibles insuficiencias ou estenose valvulares.

2.2.6 Criterios de Duke modificados para o diagnóstico de endocardite en cans

Criterios maiores	<ol style="list-style-type: none"> 1. Evidencias de alteración endocárdica: <ol style="list-style-type: none"> a) Imaxes ecocardiográficas compatibles con endocardite infecciosa. Masa intracardiaca oscilante ou nunha válvula ou estrutura de soporte valvular (vexetación valvular). Absceso perianular (rexión ecotransparente xunto ao anel valvular). b) Insuficiencia valvular de orixe recente. 2. Cultivo de sangue persistente positivo: dous cultivos separados dun microorganismo compatible con endocardite infecciosa.
Criterios menores	<ol style="list-style-type: none"> 1. Febre. 2. Paciente de máis de 15 kg. 3. Trastorno cardíaco predispoñente: SAS 4. Fenómenos tromboembólicos. 5. Enfermidade inmunomediada. 6. Poliartrite. 7. Glomerulonefrite. 8. Hemocultivo positivo pero que non satisface o criterio maior 9. Serorreactividade para Bartonella >1:1024
Diagnóstico de Endocardite infecciosa	<ol style="list-style-type: none"> 1. Definitivo: <ol style="list-style-type: none"> a) Dous criterios maiores. b) Un criterio maior e dous menores. c) Evidencia da histopatolóxica da vexetación valvular. 2. Posible: <ol style="list-style-type: none"> a) Un criterio maior e un menor. b) Tres criterios menores. 3. Rexeitado: <ol style="list-style-type: none"> a) Resolución tras 4 días de tratamento. b) Diagnóstico dunha enfermidade alternativa consistente.

2.2.7 Tratamento

Débase instaurar unha antibioterapia agresiva baseada no cultivo sanguíneo unida a cuidados de apoio segundo os órganos afectados. Ao mesmo tempo débese

instaurar unha terapia para a insuficiencia cardíaca conxestiva e as arritmias que poidan estar presentes.

Se non se coñece o axente infeccioso deben administrarse antibióticos bactericidas de amplo espectro con boa penetración na fibrina, recoméndase:

- Penicilina, ampicilina ou cefalotina (un deles) en combinación con gentamicina.
- Se hai fallo renal a enrofloxacina é unha boa alternativa á gentamicina.

O tratamento ha de durar polo menos 4 semanas, salvo a gentamicina que non debe superar as 2 semanas e que debe suspenderse a súa administración en calquera caso cando se observen signos de fallo renal.

Se o dano valvular é grande o pronóstico é malo.

O tratamento de bóvidos con endocardite bacteriana probablemente non está economicamente xustificado, dado o mal pronóstico.

3. Afeccións do miocardio: Cardiomiopatía dilatada. Cardiomiopatía hipertrófica. Cardiomiopatía restritiva.

3.1 Cardiomiopatía dilatada canina

A cardiomiopatía dilatada (CMD) é unha enfermidade na que se desenvolve un fallo miocárdico de orixe descoñecida que provoca unha diminución da capacidade contráctil do corazón.

3.1.1 Etioloxía

A etioloxía da cardiomiopatía dilatada é descoñecida: idiopática.

Relacionouse con diferentes alteracións: déficit de taurina, déficit de carnitina, factores xenéticos ou alteracións inmunomediadas.

Afecta sobre todo a razas grandes entre as que destacan: Doberman, Boxer, Gran danés, San Bernardo, Mastín... Os Cocker Spaniel son unha excepción pois sendo raza pequena tamén se ve afectada con frecuencia.

O coñecemento de novas particularidades desta enfermidade asociadas a razas concretas fai que vaian xurdindo denominacións máis específicas como é o caso da Cardiomiopatía do bóxer denominada Cardiomiopatía arritmoxénica do ventrículo dereito do Boxer (CAVDB)

3.1.2 Fisiopatoloxía

A CMD caracterízase pola perda progresiva da contractilidade miocárdica que vai evolucionando ao longo do tempo (meses e ata anos) provocando a hipertrofia excéntrica (dilatación) do corazón.

Ao progresar a enfermidade desenvolverase un fallo cardíaco conxestivo esquerdo e dereito.

En etapas avanzadas da enfermidade o gasto cardíaco tamén diminúe provocando un descenso da perfusión tisular.

As arritmias cardíacas son as complicacións máis frecuentes da CMD canina. En razas grandes aparece sobre todo a fibrilación atrial, mentres que no dóberman e bóxer obsérvanse fundamentalmente taquiarritmias ventriculares.

3.1.3 Signos clínicos

Aínda que a evolución do fallo miocárdico na CMD é lenta e progresiva, os síntomas clínicos adóitanse facer evidentes de forma máis ou menos repentina cando a enfermidade está xa avanzada.

- Predominan os signos respiratorios secundarios a edema pulmonar e inclúen taquipnea, disnea e tose lixeira.
- Algúns pacientes poden tamén exhibir signos de fallo cardíaco dereito como ascite, o cal é máis frecuente en razas xigantes (Gran danés, Mastín, San Bernardo...)
- Outros casos chegan a presentar derrame pleural, xeralmente como resultado da combinación da insuficiencia dereita e esquerda.
- En situacións avanzadas pode tamén haber perda de peso que en ocasións chega a ser a ser importante.
- Ás veces o paciente presenta unha historia anterior de síncope ou episodios de debilidade. Estes signos son máis comúns en Bóxer e Dóberman, xa que estas razas sofren con máis frecuencia taquiarritmias ventriculares.

3.1.4 Exame físico

Exploración: Pulso arterial débil, a miúdo é irregular e con déficits pola presenza de arritmias.

Se hai I.C. Dereita pódese apreciar distensión e pulso nas xugulares, hepatomegalia e ascite.

Tamén é frecuente a perda de peso e de masa muscular.

Auscultación: Pódense auscultar arritmias. Ás veces pódese percibir un sopro sistólico de regurxitación mitral.

En pulmón pode haber incremento de sons e crepitacións debido á presenza de edema pulmonar.

3.1.5 Probas diagnósticas

3.1.5.1 *Clínica laboratorial*

En Cocker, cando fose posible (dispoñer da técnica laboratorial é caro), conviría valorar as concentracións plasmáticas de taurina para confirmar un posible déficit.

3.1.5.2 Electrocardiografía

Signos electrocardiográficos de agrandamiento de ventrículo e atrio esquerdo. É moi útil para o diagnóstico e identificación de posibles arritmias asociadas á CMD:

- O 75% dos cans de razas grandes con CMD avanzada presentan fibrilación atrial.
- Nos Dóberman e Bóxer son máis frecuentes as taquiarritmias ventriculares e despolarizacións ventriculares prematuras.

3.1.5.3 Radioloxía

As razas grandes e os Cocker Spaniel xeralmente presentan unha cardiomegalia xeneralizada importante.

Os Doberman e Bóxer adoitan mostrar un agrandamiento moderado de atrio e ventrículo esquerdo.

A radiografía é útil para observar evidencias da insuficiencia cardíaca tanto esquerda (conxestión venosa e edema de pulmón) como dereita (aumento da vea cava caudal, hepatomegalia, ascite, derrame pleural).

3.1.5.3 Ecocardiografía

Cando hai unha severa CMD a ecocardiografía mostra as cámaras ventricular e atrial esquerdas moi dilatadas. O corazón dereito tamén pode estar agrandado.

Na CMD hai unha diminución da fracción de acortamiento. Estableceuse a seguinte clasificación a efectos clínicos: unha fracción de acurtamento entre o 20 e 25 % considérase evidencia de enfermidade leve, entre o 15 e o 20 % moderada e menos do 15 % considérase enfermidade severa.

3.1.6 Tratamento

Non hai cura para a CMD polo que o tratamento é paliativo orientado a aumentar o tempo de supervivencia e a calidade de vida do animal.

No tratamento clásico da CMD utilízase unha combinación de tres fármacos: un diurético, un IECA e un inotropo positivo.

- Diurético: Furosemida oral ou parenteral, é utilizada para reducir o volume plasmático e así controlar os signos de conxestión (edema pulmonar, derrame pleural, ascite?)
- Inhibidores do Enzima Convertidor de Anxiotensina (IECA: Enalapril, Ramipril ou Benacepril): producen dilatación arteriolar e venosa e reducen a retención renal de sodio e auga.
- Pimobendan: inodilatador (vasodilatador e inotropo positivo), na actualidade é o inotropo positivo de elección no manexo das CMD.

Se hai arritmias graves instaurarase unha terapia antiarritmoxénica:

- Fibrilación atrial: Digoxina e/ou diltiazem. Non se debe administrar digoxina se hai extrasístoles ventriculares
- Extrasístoles ventriculares: Sotalol, Mexiletina, Atenolol ou Procainamida.

3.1.6.1 Terapia de suplementación

A CMD nos Cocker Spaniel que presentan baixos niveis séricos de taurina pódese curar pois responde ben á suplementación con taurina e carnitina. Débese administrar 500 mg de taurina oral cada 12 horas. Na maioría dos casos esta terapia ha de combinarse coa administración de L-carnitina a razón de 1 g cada 12 horas.

3.2 Cardiomiopatía hipertrófica felina

A cardiomiopatía hipertrófica (CMH) felina é unha alteración miocárdica idiopática caracterizada por unha Hipertrofia concéntrica primaria inadecuada do ventrículo esquerdo.

3.2.1 Etioloxía

A causa concreta non é ben coñecida pero demostráronse evidencias dunha certa transmisión xenética que provoca alteracións a nivel sarcomeral.

3.2.2 Fisiopatoloxía

A hipertrofia concéntrica primaria do ventrículo esquerdo resulta nun aumento da rixidez da cámara, que impide que se encha con facilidade incrementando a presión das veasveas pulmonares o que conduce a unha insuficiencia cardíaca conxestiva esquerda que pode manifestarse en forma de edema pulmonar e/ou derrame pleural.

Movemento anterior sistólico da válvula mitral: Consiste no desprazamento da valva septal da válvula mitral cara ao tracto de saída do ventrículo esquerdo durante a sístole, provocando unha estenose subaórtica dinámica e unha insuficiencia mitral.

O tromboembolismo sistémico é a complicación máis frecuente en calquera tipo de cardiomiopatía felina. Os trombos nos gatos con cardiomiopatías adoitan desenvolverse no atrio ou na aurícula esquerda (en zonas de estase sanguínea). Estes trombos frecuentemente despréndense formando émbolos que na maioría dos casos adoitan acabar atascándose na aorta terminal (bifurcación ilíaca).

3.2.3 Sintomatoloxía

Prevalecen os signos de insuficiencia cardíaca conxestiva esquerda: taquipnea e disnea.

Non adoitan toser. Pode haber depresión, anorexia e síncope.

Se o animal sufriu un tromboembolismo sistémico adóitase manifestar con signos hiperagudos de paresias ou parálise de extremidades posteriores (bilateral ou unilateral). As extremidades estarán frías, o pulso femoral estará ausente ou será moi débil. Contracción dos músculos gastronemios, almohadillas plantares cianóticas.

3.2.4 Exploración física

Auscultación: Ás veces pódese escoitar un sopro sistólico o ápex cardíaco esquerdo ou sobre o esternón craneal, por estenose subaórtica funcional e/ou insuficiencia mitral.

Se hai edema pulmonar percíbense crepitacións pulmonares.

3.2.5 Probas diagnósticas

3.2.5.1 Electrocardiografía

A miúdo é normal. Ás veces signos de agrandamento de atrio e/ou ventrículo esquerdo (onda R > 0,9 mV).

Poden detectarse arritmias como extrasístoles ventriculares ou fibrilación atrial.

3.2.5.2 Radioloxía

Apréciase un atrio esquerdo moi prominente que na vista D-V moitas veces dá aparencia típica de Corazón de San Valentín.

As veas pulmonares están agrandadas e tortuosas.

